

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO
ACTA NUMERO: 2014/02
CARÁCTER: EXTRAORDINARIA
URXENTE.-
CONVOCATORIA: Primeira.
DATA: 26 de febreiro de 2014.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e dez minutos do día **26 de febreiro de 2014** reúnese o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter EXTRAORDINARIO URXENTE baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

Presidente:

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

Concelleiros presentes na sesión:

Polo Grupo do B.N.G.

D. Vicente Castro Reigosa Reigosa
Dona Mari Luz Alvarez Lastra
D^a Ana María Martínez Fernández.
D. Horacio Cupeiro Rodríguez
D^a Maria Teresa González Piñeiroa.

Polo Grupo do P.P.

D.Manuel Valín Valdés.
D^a Azucena González Loredó.
D^a Maria del Campo López-Braña Freije
D.José Manuel Yañez Dablanca.

Polo Grupo de U.P.R.I.

D.Agustín Reymondez Gancedo.

Polo Grupo do PSG-PSOE

D.Eduardo Gutiérrez Fernández.

Concelleiros ausentes na sesión:

D. Xavier Campos López (BNG)

Secretario Xeral:

D. José A.Carro Asorey

Interventor:

D. Luis R.Vázquez Parga.

Técnico de Admón. Xeral.

D.José Rodil Veiga

Comprobado que se dá o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

2014.01.06.- PRONUNCIAMENTO DO PLENO SOBRE A URXENCIA DA SESIÓN QUE VEN DADA POLA NECESIDADE DE EFECTUAR A LICITACIÓN DO CENTRO DE ATENCIÓN A MAIORES Á MAIOR BREVEDADE POLOS PRAZOS DE FINANCIACIÓN.

A Corporación, de conformidade co disposto no artigo 79 do Real Decreto 2568/1986 de Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, e aos efectos do pronunciamento do Pleno sobre a urxencia da sesión, por unanimidade, en votación ordinaria acorda a apreciación da urxencia e a subseguinte celebración da mesma.

2014.02.07.- GASTO PLURIANUAL DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES.

Dase conta por Secretaría do ditame da Comisión Municipal Informativa que de seguido se transcribe:

“Dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe:

“Sendo necesario, para levar a cabo a CONSTRUCCIÓN DE CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES- OBRA a executar polo Concello de Ribadeo, adquirir un compromiso de gasto, que necesariamente deberá distribuírse en varias anualidades, segundo resulta das disposicións técnicas do proxecto.

Visto o convenio asinado coa Deputación Provincial de Lugo con data de 02/12/2013, e a addenda ao mesmo de data 20/01/2014, outorgando unha subvención directa ao concello para financiar o citado proxecto, por un importe de 1.828.000,00 euros que se reparte nas anualidades de 2014 a 2016.

Vistas as seguintes disposicións normativas que regulan o réxime xurídico dos gastos de natureza plurianual:

- Artigo 174 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Artigos 79 a 88 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos.
- Texto Refundido da Lei de Contratos del Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro

Visto o informe de Intervención de data 18/02/2014

En consecuencia, por esta Alcaldía propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Determinar a excepcionalidade do gasto plurianual de “CONSTRUCCIÓN DE CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES”, de acordo co disposto no artigo 84 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, debido á singularidade da inversión a realizar, como é a construción dun centro de atención a persoas maiores, ao beneficio indiscutible para o Concello de Ribadeo e o seu entorno que suporá a dotación construída, á necesidade de axustarse ás disposicións do proxecto técnico no relativo á execución do gasto e á súa distribución das anualidades, así como á obriga de acompañarse co financiamento do mesmo procedente doutras administracións, imprescindible para poder levalo a cabo.

SEGUNDO: En consecuencia co anterior, aprobar o gasto plurianual de de “CONSTRUCCIÓN DE CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES” por un importe total de 2.258.047,44 euros, con cargo á partida 312.62200 do Orzamento Xeral do Concello de Ribadeo para os exercicios 2014, 2015 e 2016, de acordo co seguinte réxime financeiro e anualidades:

ANO	2014	2015	2016
PARTIDA	312.62200	312.62200	312.62200
IMPORTE	1.028.000,00	800.000,00	430.047,44
TOTAL GASTO	2.258.047,44		

FINANCIAMENTO GASTO				
Partida: 312.62200	Importe de Gastos 2.258.047,44 €			
AXENTE	2014	2015	2016	TOTAL
DEPUTACIÓN DE LUGO (subvención excepcional)	1.028.000,00	600.000,00	200.000,00	1.828.000,00
CONCELLO	0,00	200.000,00	230.047,44	430.047,44
TOTAL	1.028.000,00	800.000,00	430.047,44	2.258.047,44

TERCEIRO: Aprobar o compromiso expreso de inclusión nos Orzamentos Xerais do Concello dos exercicios 2015 e 2016 do crédito preciso así como do financiamento correspondente para asumir as anualidades do gasto que se indican no réxime financeiro, incluso mediante a aprobación, no seu caso, das operacións de crédito que se precisen.”

A Comisión, por catro votos a favor (tres dos membros presentes do BNG e un do Concelleiro do PSG-PSOE no Grupo Mixto) e dúas abstencións (dos membros do Grupo Popular), acorda ditaminar favorablemente este expediente para aprobación polo Pleno Municipal.”

Procédese ao debate conxunto sobre os tres puntos desta sesión, 2014.02.07, 2014.03.08. e 2014.04.09.

Intervén o concelleiro do PSG-PSOE no Grupo mixto Sr. Gutiérrez Fernández que manifesta brevemente que os 3 puntos son a consecuencia dunha decisión que se tomou xa hai tempo que é a construción dunha residencia, coa participación veciñal e do público con carácter xeral.

Refírese aos tres puntos, gasto plurianual, aprobación do proxecto e procedemento de licitación. Como xa dixó na Comisión vai votar a favor dos tres puntos.

Intervén a continuación o Sr.Reymóndez Gancedo,de UPRI no Grupo Mixto que se manifesta tamén a favor dos tres puntos, manifesta que foi unha iniciativa popular e que non ten moito que debater, que as dúbidas que tiña xa preguntou e se lle aclararon. Indica que lle preocupa algo o referido a Lei 27/2013 pola que as materias de servizos sociais pasan a ser competencia da Xunta de Galicia e que a finais de decembro de 2015 teña que pasar a residencia á dita competencia, xa que a idea ata hoxe é que a residencia a xestionase o Concello para ocupar as prazas persoas do municipio. Supón que no ano 2016 terá algunha solución.Manifesta tamén que chama a atención os poucos días que se dan ás empresas para revisar o proxecto técnico e os pregos para a licitación, pero , en todo caso, vai votar a favor.

Por parte do Grupo Municipal Popular intervén o concelleiro Sr. Valín Valdés. Manifesta que discrepa da forma que dí o portavoz de UPRI sobre que sexa unha decisión popular senon que cre que é dos representantes dos veciños na Corporación. Indica que houbo unha folla de ruta na que tamén, efectivamente, participaron os veciños, que é unha infraestrutura necesaria na que coinciden todos os grupos políticos, está convencido que se vai conseguir e cre que é moi importante.

Indica que a abstención da comisión informativa somentes foi porque ao traballar en Grupo hai liberdade de voto e por iso non se manifestaron pero agora que o trataron o seu voto vai ser a favor.

Recordar tamén a postura da Consellería coa aposta en firme que fixo o Partido Popular, participación nas manifestacións e que tamén lles interesa reivindicar que cando se emita algunha nota de prensa ou comunicado, que está seguro feito sen mala intención, que se teña cuidado e non se poña por enriba a ninguén sobre o resto.

En canto aos tres puntos parécelle que o prego de condicións está moi amarrado e que se acerta para que non suceda o mesmo que ocorreu no Pavillón polideportivo.Parécelle tamén pouco tempo 13 días. Conclúe que o Grupo municipal popular vota a favor dos tres puntos e que é unha enorme satisfacción que Ribadeo conte cunha residencia de maiores.

O Sr.Alcalde manifesta que o que poidan decir dende o seu grupo vai na mesma liña do que se dixó polo resto de grupos. Indica que fai tres anos que comezou este periplo reivindicativo, cunha manifestación e so lle queda agradecer o apoio do resto da Corporación dando as grazas a todos e suliñar que o importante é que isto vaia para adiante significando igualmente que ao estar todos de acordo será complicado que “descarrile”.

Refírese tamén o Sr.Alcalde ás xustificacións que hai que facer ao longo das distintas anualidades respecto da financiación deste proxecto e cre que os 13 días serán suficientes xa que agora non teñen que presentar toda a documentación e so agora teñen que presentar a oferta económica.

Respecto ao sinalado anteriormente por algún membro da Corporación sobre as competencias en servizos sociais cre que aínda falta moito para o 2016 e de aquí alá resolverase; o que se puido facer ata aquí fíxose e agora resta seguir traballando para conseguir o obxectivo de executar a construción.Cre que é un momento histórico para Ribadeo do que todos os membros son testemuñas e o importante, coas discrepancias existentes, é que entre todos se conseguiu isto.

No propio nome e no dos seus compañeiros de goberno manifesta que están moi orgullosos.

Valora tamén o compromiso dos técnicosdo Concello co traballo realizado xa que foi un dos expedientes mais complexos para casar lexislación, financiación e demais cuestións precisas.

Manifesta por último os parabéns para todos, tamén para os veciños de Ribadeo algunhos deles presentes no Salón e en xeral para toda a poboación.

Sometido a votación a Corporación, por unanimidade dos membros presentes, acorda prestar aprobación ao ditame da Comisión informativa transcrito anteriormente nos propios termos do mesmo.

2014.03.08.- APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO PARA AS OBRAS DO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES.

Por Secretaría dase lectura ao ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Por Secretaría dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe:

“Diante da necesidade de realizar a contratación das obras do CENTRO DE ATENCION A PERSONAS MAIORES, DE RIBADEO - OBRA -, debido a urxencia da súa execución por razóns de xustificación da anualidade 2014, de investimentos de cantidades cofinanciadas por outras Administracións Públicas, que de non facelo en prazo córrese o risco de perdelas, e non poder licitarse antes por non ter a correspondente autorización da Comunidade Autónoma; efectuado o trazado de planta e existindo a dispoñibilidade dos terreos, incorpórase o mesmo a este expediente de contratación.

Tendo en conta que foron emitidos os correspondentes informes por Intervención, e Secretaría do Concello, dos que resulta que o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato é o Concello Pleno ao superar o Orzamento de Contrata o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento deste Concello.

PROPOÑO ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- A aprobación do proxecto de obras redactado polo Arquitecto Municipal don Francisco M Moreda Gil, cun orzamento de 1.866.154,91 euros e 391.892,53 euros de IVE, que totaliza 2.258.047,44 euros, e a súa exposición ao público aos efectos de exame e reclamacións.”

A Comisión, por catro votos a favor (tres dos membros presentes do BNG e un do Concelleiro do PSG-PSOE no Grup Mixto) e dúas abstencións (dos membros do Grupo Popular), acorda ditaminar favorablemente este expediente para aprobación polo Pleno Municipal.”

Consta a deliberación sobre este asunto no punto anterior.

Sometido a votación a Corporación, por unanimidade dos membros presentes, acorda prestar aprobación ao ditame da Comisión informativa transcrito anteriormente nos propios termos do mesmo

2014.04.09.- EXPEDIENTE PARA LICITACIÓN DAS OBRAS DO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES.

Dase conta do ditame da Comisión que se transcribe:

“Por Secretaría dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe:

Diante da necesidade de realizar a contratación das obras do CENTRO DE ATENCION A PERSONAS MAIORES, DE RIBADEO - OBRA -, debido a urxencia da súa execución por razóns de xustificación da anualidade 2014, de investimentos de cantidades cofinanciadas por outras Administracións Públicas, que de non facelo en prazo córrese o risco de perdelas, e non poder licitarse antes por non ter a correspondente autorización da Comunidade Autónoma; efectuado o trazado de planta e existindo a dispoñibilidade dos terreos, incorpórase o mesmo a este expediente de contratación.

Tendo en conta que foron emitidos os correspondentes informes por Intervención, e Secretaría do Concello, dos que resulta que o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato é o Concello Pleno, ao superar o Orzamento de Contrata o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento deste Concello.

PROPOÑO a o Concello Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. Iniciar o procedemento de adxudicación da contratación do proxecto de CENTRO DE ATENCION A PERSONAS MAIORES, DE RIBADEO - OBRA - por procedemento aberto oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación e tramitación urxente.

SEGUNDO. Declarar a urxencia da celebración do presente contrato dada a necesidade inaprazable realizar esa obra por razóns de xustificación da anualidade 2014, de investimentos de cantidades cofinanciadas por outras Administracións Públicas, que de non facelo en prazo córrese o risco de perdelas, e non poder licitarse antes por non ter a correspondente autorización da Comunidade Autónoma.

TERCEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación e tramitación urxente, do proxecto de CENTRO DE ATENCION A PERSONAS MAIORES, DE RIBADEO - OBRA

CUARTO. Autorizar o gasto por importe de 1.028.000,00 euros, con cargo á partida 312.62200 do Orzamento Xeral do Concello para 2014, que representa a contratación para a presente anualidade

QUINTO. A aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que debe rexer o Contrato e o proceso de adxudicación.”

Por parte do Secretario realízase unha breve explicación do procedemento a seguir para esta licitación así como do contido do Prego de cláusulas administrativas.

A Comisión, por catro votos a favor (tres dos membros presentes do BNG e un do Concelleiro do PSG-PSOE no Grup Mixto) e dúas abstencións (dos membros do Grupo Popular), acorda ditaminar favorablemente este expediente para aprobación polo Pleno Municipal.”

Consta a deliberación sobre este asunto no punto anterior 2014.02.07.

Sometido a votación a Corporación, por unanimidade dos membros presentes, acorda prestar aprobación ao ditame da Comisión informativa transcrito anteriormente nos propios termos do mesmo

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a mesma sendo as vinte horas e corenta minutos, estendéndose a presente acta, do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL,